


Nome da comunicación	ALVARELLA:“UNHA OPORTUNIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DO MEDIO RURAL”.
----------------------	---



Entidade	Alvarella Ecoturismo, S.L.
----------	----------------------------

albergue de Ecoturismo Rural que ten recoñecida a Ecoetiqueta Europea na categoría de aloxamento turístico. Equipamento de educación ambiental situado e Breanca Doroña en Vilamaior(Pontedeume) na provincia da Coruña.

<http://alvarella.blogspot.com/>

Responsables da comunicación	Jorge Gude Armas info@alvarella.com
------------------------------	--

ALVARELLA: “UNHA OPORTUNIDADE PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE DO MEDIO RURAL”.

*Jorge Gude Armas
(info@alvarella.com)
Alvarella Ecoturismo, S.L.*



INTRODUCCIÓN.-

O ecoturismo pódese definir como “o turismo en espacios naturais que conserva o medioambiente e ó mesmo tempo ocúpase do benestar das poboacións locais”, é unha nova forma de concebir a actividade turística, dentro dos parámetros claros de sostibilidade cunha triple dimensión (social, económica e ambiental).

Según a OMT (Organización Mundial do Turismo), o Turismo Sostible é un modelo de desenvolvemento económico deseñado para :

- Mellorar a calidade de vida da poboación local, da xente que traballa e vive no destino turístico.
- Promover maior calidade da experiencia para o visitante.
- Manter a calidade do medioambiente, do que dependen tanto a poboación local como os visitantes.
- Acadar maiores niveis de rentabilidade económica da actividade turística para os residentes locais.
- Asegurar a obtención dos beneficios para os empresarios turísticos.

AS BASES DO PROXECTO ALVARELLA.-

Tomando como referencia estas bases de sostibilidade, nace o Proxecto Alvarella. A idea xurde a partir da existencia dunha propiedade agraria dunhas 5 Ha. en desuso. Inicialmente preténdese crear un tipo de equipamento que permita traballar con grupos e ó mesmo tempo éntrase en contacto co Grupo de Acción Local Euroeume, que xestiona os fondos europeos PRODER para o desenvolvemento da comarca do Eume polo que se orienta o proxecto en dúas perspectivas:

- **a)** un equipamento para traballo con grupos (actividades de E.A.), polo que se constrúe un novo edificio de características bioclimáticas, que xa é en si mesmo un elemento didáctico.
- **b)** un equipamento dirixido ó público en xeral (turismo), sen abandonar a perspectiva de sensibilización medioambiental.

A COHERENCIA NA PROPIA INSTALACIÓN.-

O equipamento serve como exemplo de instalación sostible, respectuoso coa Natureza, dispón dunhas **instalacións deseñadas ó servizo da Educación Ambiental** e deste modo deséñase cun enfoque medioambiental co propósito de acadar unha bioconstrución con características bioclimáticas e biosostibles, moi próximo ós parámetros establecidos polo método francés ACM (*Haute Qualité Environnementale*) :

- ❖ Relación harmoniosa do edificio co seu entorno, planta baixa cun escaso impacto visual e orientado ó Sur co ánimo de aproveitar a arquitectura solar pasiva
- ❖ Ocos acristalados cara a fachada Sur, teitos ventilados e pérgola cuberta de caducifolias para regular a temperatura e insolación no interior das instalacións.

- ❖ Muros de termoarxila e dobre pel de madeiras do país tratadas e cal hidráulica para a fachada Sur.
- ❖ Uso de pinturas minerais e conservación das madeiras mediante “lasur” (resinas acrílicas sobre base acuosas).
- ❖ Pavimentos de linóleo.
- ❖ Griferías economizadoras de auga e enerxía.
- ❖ Instalación de alumado exterior con lámpadas de baixo consumo e de menor impacto lumínico.
- ❖ Tuberías de distribución de auga de polipropileno.
- ❖ Instalación solar térmica para o quentamento de auga para uso sanitario e apoio á calefacción por chan radiante.
- ❖ Instalación eólica-fotovoltaica (4 kW.) para cubrir parte do consumo eléctrico.
- ❖ Caldeira de biomasa para climatización da sala de traballo.
- ❖ Uso de electrodomésticos eficientes e de baixo consumo (lavadora bitérmica, caldeira de recuperación de gases, etc.)
- ❖ Canalización e tratamento diferenciado de augas grises e negras.
- ❖ Depuradora aerobia de oxidación total para a reciclaxe de augas negras.
- ❖ Recollida selectiva de lixo para a súa reciclaxe no propio albergue, coa compostaxe.

Pretendemos que o propio equipamento sexa en si mesmo un modelo e recurso para determinadas actividades, un “pequeno centro interpretativo” sobre a integración harmónica no medio, a importancia da orientación, o uso das enerxías renovables e da xestión enerxética, a xestión sostible das augas e os residuos, o uso de materiais para unha construción bioclimática, etc. Trátase dunha experiencia innovadora, pois non existe en Galicia ningún equipamento privado destas características e dimensións. Detrás do seu programa funcional hai unha iniciativa claramente intencionada, que é a participación do visitante na conservación e coñecemento do medio, que non queda xa reducido ós aspectos físico-naturais, senón que abrangue tamén aspectos vivenciais.

O NOSO TRABALLO DIARIO.

As actividades ofertadas en Alvarella son, por unha banda de Educación Ambiental dirixidas a grupos de escolares; pero tamén deseñamos este tipo de actividades para a poboación local e o público en xeral (concellos, asociacións, ...) onde contribuímos a poñer en valor os recursos da comarca e sensibilizar á poboación local sobre os problemas medioambientais.

Por último, Alvarella contribúe como elemento dinamizador da economía local, na medida en que ten contratado persoal da zona, realiza consumo de produtos locais e fomenta a formación específica do persoal, tanto profesional como medioambiental.

UN SELO INNOVADOR E DE CALIDADE.-

Desde o ano 2.009 contamos coa ECOLABEL (Etiqueta Ecolóxica Europea) distintivo de calidade concedida ós servizos de aloxamento turístico. A etiqueta ecolóxica europea é o único signo de calidade ambiental certificado por un organismo independente e avalado en toda Europa, constitúe unha oportunidade única de responder ás expectativas dos seus clientes. O obxectivo xeral da E.E.E. é promover produtos que poden reducir os efectos ambientais adversos, en comparación con outros produtos da mesma categoría, contribuíndo así a un uso eficaz dos recursos e a un elevado nivel de protección do medio ambiente.



Fig. 2 (ecoetiqueta ecolóxica europea)

Pór a Ecoetiqueta europea nos produtos significa que posúen as seguintes vantaxes:

- ❖ Limitan o consumo enerxético
- ❖ Limitan o consumo de auga
- ❖ Limitan a produción de residuos
- ❖ Favorecen o uso de fontes de enerxía e recursos renovables
- ❖ Promoven a comunicación e a educación sobre temas ambientais

Conseguir a Ecoetiqueta para os servizos de aloxamento turístico require dun esforzo extra pero tamén proporciona un valor engadido. Axuda a identificar e afrontar as debilidades ecolóxicas e económicas do negocio: á vez que por exemplo coa súa aplicación redúcese o consumo de auga e de enerxía, obténdose un beneficio económico e ecolóxico.

Tamén ó longo destes dous últimos anos fomos recoñecidos por distintos galardóns a nivel local, nacional e europeo. Todo isto supón un recoñecemento ó noso traballo ata agora ben encamiñado, e nos dá novos folgos para tentar mellorar no futuro.